

APARECE A PARTITURA ORIXINAL DO HIMNO OFICIAL DA EXPO GALEGA DE 1909

- **O libreto, que se cría perdido, apareceu no arquivo da Banda Municipal, no Auditorio de Santiago. O autor é o músico compostelán Santiago Taffall.**
- **A Banda Municipal de Música prepara un “Concerto do Centenario” onde se interpretará de novo a peza, despois dun século.**

Esta semana apareceu, nos arquivos da Banda Municipal de Santiago, ubicados no Auditorio de Galicia, a partitura orixinal do “Himno Oficial da Exposición Rexional Galega de 1909”, unha obra do músico compostelán e mestre de capela da Catedral, Santiago Tafall Abad (Santiago, 1858-1930) da que se tiña coñecemento da súa existencia pero que se atopaba perdida.

Encontrouna o actual director da Banda Municipal, Xosé Carlos Serán Olveira, e prepara agora una interpretación da peza dentro do “Concerto do Centenario da Expo” que posiblemente coincida coa clausura da mostra fotográfica que, estes días e ata o 18 de outubro, se pode ver no Colexio de Fonseca da USC.

A existencia do Himno Oficial da Expo aparece documentada no libro *Santiago, 1909* (Consortio de Santiago/Alvarellos Editora) publicado o pasado mes de xullo, e onde se recolle a letra completa que, para esta composición, ideou o médico e escritor compostelán Xoán Barcia Caballero (Santiago, 1852-1926). Pero a partitura permanecía perdida, ata agora.

O Himno Oficial da Exposición Rexional interpretouse por vez primeira no Salón de Actos do Pavillón Central na tarde do 24 de xullo de 1909, día da inauguración do certame, e diante do rei Alfonso XIII e do presidente do Goberno de España, Antonio Maura. É moi probable que, dende a clausura da Expo, non se volvese interpretar máis.

Para o comisario da mostra fotográfica “Santiago, 1909”, Quique Alvarellos, “este achádego é unha feliz descuberta que, se ben sabiamos da súa existencia, non aparecía por ningures. Será unha celebración máis para o Centenario, sumada ao volume monográfico publicado en xullo co Consortio de Santiago, e a mostra fotográfica que inaugurou o Xacobeo en Fonseca o pasado xoves día 10”

- Acompañan a esta nota dúas reproducións do libreto orixinal atopado: a cuberta e unha das páxinas interiores.

Saúdos,
Área de Comunicación de Alvarellos Editora



Thema a la Expulsion
marche triumpfal por S. Raffall *fto* por J. W. M. Clarinet *ral*

all. maestoso

The musical score consists of ten staves of handwritten notation. The first staff begins with the tempo marking *all. maestoso*. The music is written in a key signature of one flat (B-flat) and a common time signature (C). The score includes various dynamic markings: *pp* (pianissimo) appears on the first, third, fourth, sixth, seventh, eighth, and tenth staves; *mf* (mezzo-forte) is on the second staff; *f* (forte) is on the third staff; *p* (piano) is on the fourth staff. Performance directions include *rit.* (ritardando) on the first staff, *cresc.* (crescendo) on the second, fourth, sixth, seventh, and eighth staves, *del.* (decrescendo) on the seventh staff, and *dim.* (diminuendo) on the tenth staff. The piece concludes with a double bar line and a fermata.

12

Bombo

Himno a la Exposicion

por
D^o Santiago Caffall

Instrumentado para Banda

por
D^o Francisco Martinez y Martinez

Julio 24 de 1905